

InnovaPeme ²⁰²⁰

O punto de encontro
das pemes innovadoras

17 marzo 2020
Parador de Vilalba
[Rúa Valeriano Valdesuso, s/n, 27800 Vilalba, Lugo]



O mundo é unha contorna en constante cambio, cambios sociais, tecnolóxicos, culturais, etc. aos que ningunha empresa pode permanecer allea para continuar sendo competitiva.

É evidente que se o sector no que traballamos cambia e evoluciona, as nosas empresas deben de adaptarse a iso. Os nosos competidores innovan e ofrecen novos produtos ou servizos, os nosos clientes demándannos esas novidades e os nosos provedores ofrécennos eses novos produtos ou tecnoloxías para poder xerar novo valor no noso negocio. A innovación destaca así como unha capacidade determinante para a competitividade das empresas, na medida en que se converteu no seu motor máis importante de transformación e crecemento e con iso, nunha panca de desenvolvemento económico e social da nosa rexión.

O obxectivo de calquera empresa debe ser o integrar a innovación na organización e que non sexa un proceso illado ou un feito excepcional e contemplando o proceso de innovación desde tres aspectos: innovación nos produtos ou servizos que ofrecemos, no proceso produtivo ou na nosa organización.

Por iso, dende a Axencia Galega de Innovación vimos de convocar a terceira edición da convocatoria InnovaPeme 2020, as nosas axudas destinadas ao financiamento do custo das actividades integradas en plans de innovación para mellorar a capacidade innovadora de micropemes e pemes (axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020).

Obxectivos da xornada

Coñecer a **visión de Alfons Cornella**, un dos maiores expertos en innovación do país e autor, entre outros, do best-seller "como innovar sen ser google".

Coñecer a **experiencia práctica no desenvolvemento de plans de innovación de pemes galegas de éxito** e como contribuíron ao desenvolvemento da súa competitividade.

Coñecer a **convocatoria da Axencia Galega de Innovación InnovaPeme 2020**, as súas principais características e principais novidades con respecto a convocatorias anteriores.

Programa

11.00 - 11.15 h	Benvida e inauguración <ul style="list-style-type: none">● Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN)
11.15 - 11.45 h	Charla inno-inspiradora <ul style="list-style-type: none">● Alfons Cornella: "Como innovar sen ser google"
11.45 - 12.00 h	Presentación da convocatoria InnovaPeme 2020
12.00 - 12.30 h	Mesa redonda: casos de éxito da implementación de plans de innovación en pemes <ul style="list-style-type: none">● Enso Innovación● Mestrelab● Krack zapaterías● Lugar da Veiga
12.30 - 12.45 h	Peche da xornada <ul style="list-style-type: none">● Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
12.45 - 13.30 h	Aperitivo/Networking

